



A INSERCIÓN LABORAL DOS TITULADOS EN MÁSTERES NO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA 2007-2008, 2008-2009 E 2009-2010

RESUMO

No ano 2013, a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) inicia un novo proxecto onde amplía o campo de estudo da inserción laboral dos titulados universitarios no Sistema Universitario de Galicia (SUG), aos titulados en másteres. Entre os obxectivos principais deste proxecto están obter información sobre aspectos organizativos e desenvolvemento dos másteres, así como coñecer a motivación principal para realizar estudos de máster e análise sobre a experiencia laboral que tiveron estes últimos anos, antes e despois da realización do máster. Este traballo analiza a motivación principal pola que os titulados universitarios cursaron un máster, a situación laboral posterior á realización do máster, así como a utilidade do mesmo en relación á traxectoria laboral experimentada e a satisfacción dos titulados coa súa realización.

Palabras e frases chave: másteres, inserción laboral, titulados, motivación, situación laboral, utilidade dos másteres.

1. Introducción

Coa estrutura dos estudos universitarios actuais: grao, máster e doutoramento, froito da harmonización dos sistemas universitarios no proceso de adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior (EES), destácase a relevancia acadada polos estudos de máster tanto no ámbito universitario como no ámbito laboral. Por un lado, as tendencias existentes no mercado laboral están directamente relacionadas coas universitarias, sendo o máster un factor decisivo moitas veces para a consecución dun emprego, e por outro lado, nalgúns casos, formando parte da etapa formativa previa aos programas de doutoramento.

O estudo completo, "Estudo da inserción laboral dos titulados en Másteres no Sistema Universitario de Galicia 2007-2008, 2008-2009 e 2009-2010" dos cales proceden os resultados presentados neste traballo, pódense consultar en: <http://www.acsug.es/gl/insercion>

2. Datos técnicos

A poboación obxecto de estudo está constituída polos titulados en másteres no SUG correspondentes aos cursos académicos 2007-2008, 2008-2009 e 2009-2010, a cal se pode observar na **Táboa 1**. A enquisa realizouse entre maio e xuño de 2013, polo que para as distintas cohortes de titulados en másteres transcorreran 5, 4 e 3 anos entre a finalización do máster ata o momento de realización da enquisa.

Os resultados obtidos para as distintas cohortes de titulados designáronse como EILMásteres0708 (resultados acadados para os titulados en másteres no curso académico 2007-2008), EILMásteres0809 (resultados acadados para os titulados en másteres no curso académico 2008-2009) e EILMásteres0910 (resultados acadados para os titulados en másteres no curso académico 2009-2010).

SUG	EILMásteres0708		EILMásteres0809		EILMásteres0910		TOTAL	
	Poboación	Mostra	Poboación	Mostra	Poboación	Mostra	Poboación	Mostra
	456	348	826	633	1.633	1.261	2.915	2.242

Táboa 1. Tamaño da poboación e mostra dos titulados en másteres no SUG nos cursos académicos 2007-2008, 2008-2009 e 2009-2010

A poboación e a mostra foron agrupadas nas seguintes ramas de coñecemento: Artes e Humanidades, Ciencias da Saúde, Ciencias Sociais e Xurídicas e Enxeñaría e Arquitectura. Considerouse a rama de adscrición do máster no proceso de verificación para realizar a agrupación nas distintas ramas de coñecemento.

Realizouse un estudo exhaustivo, contactando con todos os individuos que constituían a poboación para intentar acadar a maior representatividade para cada un dos másteres no SUG, polo que non se realizou unha mostraxe aleatoria. Finalmente, o erro de mostraxe para os titulados en másteres no SUG sitúase no +/-0,99%, cun nivel de confianza do 95%.

A recollida de información realizouse mediante enquisa telefónica empregando a metodoloxía CATI (enquisa telefónica asistida por ordenador), cun número máximo de oito chamadas con cada unidade da mostra, realizadas en distintos días e franxas horarias. O traballo de campo foi realizado pola empresa Instituto Sondaxe, S.L. desde o 2 de maio ata o 12 de xuño de 2013.

3. Resultados

Motivación para realizar un máster: Na **Táboa 2** obsérvase que o principal motivo que leva os titulados en másteres a realizar estes estudos é complementar a formación académica para obter unha maior especialización no mercado de traballo, ampliar as saídas laborais e alcanzar un maior desenvolvemento profesional, cunhas porcentaxes de 72,4% (EILMásteres0708), 75,5% (EILMásteres0809) e 58,8% (EILMásteres0910).

	EILMásteres0708	EILMásteres0809	EILMásteres0910
Complementar a formación académica (investigación)	30,7%	25,8%	29,0%
Complementar a formación académica (traballo)	72,4%	75,5%	58,8%
Detectar necesidades formativas na experiencia laboral anterior	5,2%	5,4%	4,6%
Era necesario ou obrigatorio para o futuro emprego	4,0%	3,8%	18,7%
Outros	4,0%	3,0%	1,5%

Táboa 2. Motivos para realizar o máster. Resultados para o total do SUG.

Situación laboral no momento de realizar a enquisa: Un 83,6% (EILMásteres0708), 78,8% (EILMásteres0809) e un 73,7% (EILMásteres0910) dos titulados en másteres no SUG traballaba no momento da realización da enquisa (maio e xuño de 2013) como se pode observar na **Figura 1**. Ademais un 96,0% (EILMásteres0708), un 96,1% (EILMásteres08-09) e un 92,2% (EILMásteres0910) dos titulados traballaron nalgún momento desde a finalización do máster.

Tempo medio en atopar emprego: o tempo medio en atopar un novo emprego tras a finalización do máster para os titulados das distintas cohortes foi de 6,10 meses (EILMásteres0708), 7,53 meses (EILMásteres0809) e de 7,89 meses (EILMásteres0910), como se observa a **Figura 2**. Ademais o 63,2% (EILMásteres0708), o 54,8% (EILMásteres0809) e o 58,8% (EILMásteres0910) dos titulados en másteres do SUG tardaron menos de 6 meses en atopar emprego.





Figura 1. Situación laboral actual no momento de realizar a enquisa. Resultados para o total do SUG. **Figura 2.** Tempo medio (en meses) en atopar un novo emprego. Resultados para o total do SUG.

Salario medio: A **Táboa 3** mostra o salario medio dos titulados en másteres do SUG que traballan na actualidade. O salario medio é de 1.402,30 € para os titulados da EILMásteres0708, de 1.342,70 € para os da EILMásteres0809 e de 1.213,90 € para os da EILMásteres0910. Ademais o salario medio dos homes é lixeiramente superior ao das mulleres.

	EILMásteres0708	EILMásteres0809	EILMásteres0910
Salario medio SUG	1.402,30 €	1.342,70 €	1.213,90 €
Salario medio mulleres	1.531,40 €	1.525,56 €	1.384,11 €
Salario medio homes	1.351,02 €	1.185,60 €	1.087,02 €

Táboa 3. Salario medio dos titulados. Resultados para o total do SUG.

Valoración da utilidade do máster: Amósase na **Figura 3** a valoración da utilidade do máster. Case a metade dos titulados en másteres no SUG valoran como bastante ou moi útil (nunha escala desde 1 ata 5) a realización do máster en función da súa traxectoria laboral posterior (tanto para os que traballaron con posterioridade como aos que non), 47,4% (EILMásteres0708), 42,6% (EILMásteres0809) e 42,1% (EILMásteres0910).

Satisfacción co máster: Con respecto ao grao de satisfacción dos titulados en másteres coa realización do mesmo, pódese observar na **Figura 4** que os titulados en másteres no SUG están satisfeitos cos estudos universitarios cursados. Tres cuartas partes dos titulados en másteres volverían realizar o máster.




Figura 3. Valoración da utilidade do máster en función da traxectoria laboral posterior. Resultados para o total do SUG.




Figura 4. Volverían realizar o máster. Resultados para o total do SUG.

4. Conclusións

- Os titulados en másteres do SUG buscan complementar a súa formación académica para obter unha maior especialización no mercado de traballo e na súa práctica totalidade traballaron despois de cursar o máster.
- O tempo medio en atopar un novo emprego tras o remate do máster sitúase entre os 6 e os 8 meses, cun salario medio entre os 1.200 € e os 1.400 €.
- Ademais os titulados en másteres consideran que en función da súa traxectoria laboral posterior realizar o máster foi de bastante utilidade e volverían cursalo.

Referencias

De Miguel Domínguez, J. C.; Rodríguez González, D.; Valcárcel Aguiar, B.; Vecino Aguirre, A.; Pedreira Andrade, L. P.; Guisado González, M.; Morrondo Pelayo, M. P.; López Pereira, J. E.; Fernández Montes, M. C. (2015). *Estudo da inserción laboral dos titulados en Másteres no Sistema Universitario de Galicia 2007-2008, 2008-2009 e 2009-2010*. Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.